

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 8 DE ABRIL DE 2021

Ás 10:15 horas do día 8 de abril de 2021, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 5 de abril, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Margarita Parajó Calvo, vogal titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D. Jesús Núñez-Torrón López, vogal xefa da Área de Benestar Social (asiste aos puntos 2a e 4a)  
D<sup>a</sup>. Pilar Carneiro Miniño, vogal xefa do Servizo de Xuventude (asiste aos puntos 2b e 4b)  
D<sup>a</sup>. Ruth María Gallego Santos, vogal suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 2c, 4c, 5b, 5c, 6b, 6c, 11a, 11b e 11d)  
D<sup>a</sup>. Luz González Domínguez, vogal xefa do Departamento Administrativo da Alcaldía (asiste aos puntos 5a, 6a e 10b)  
D. José Ángel Hermida Fernández, vogal xefe do Servizo de Comercio (asiste ao punto 11c)  
D<sup>a</sup>. Aránzazu González Soengas, técnica de Prevención de Riscos Laborais (asiste aos puntos 8 e 10a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

**a) Procedemento aberto para a contratación da subministración e implantación dunha plataforma -on premise- para a xestión integral dos expedientes do Servizo de Benestar Social e o hardware necesario para o seu despregue (210.165-301) (lotes 1 e 2)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:18	Páxina 1 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA14E-CCDEED-353DA6-XUGLN4-J5E7AJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. EDNON, S.L. (lote 2)
  2. IMATIA INNOVATION, S.L. (lote 1)

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización, xestión e execución do programa de dinamización infantil (9.171-336)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas -PCAP- para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. A BILLARDA, S.L.
  2. CLECE, S.A.
  3. SERVIPLUSTOTAL, S.L.

- b) Non admitir neste procedemento a MAREXADA, DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L. por ter presentado a súa proposición unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas (cláusula 15.1 do PCAP "A documentación presentarse dentro do prazo fixado no anuncio da licitación" e artigo 136 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público).

Considera o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, entre outras, na súa resolución 924/2019, do 1 de agosto "O principio de igualdade e non discriminación impón o respecto ás condicións establecidas para participar en concursos públicos, sen excepcións nin distincións entre os licitadores, de xeito que, por principio, unha oferta presentada fóra do prazo debe ser inadmitida pola Administración, a menos que o interesado demostre de forma indubitada que a presentación extemporánea se debeu a causas que de ningún xeito lle son imputables, senón á Administración que redactou os pregos".

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Instalación dun ascensor entre a praza da Estación e a rúa Urzaiz" (774-441)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:18	Páxina 2 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA14E-CCDEED-353DA6-XUGLN4-J5E7AJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. ORECO, S.A.U.
  2. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

#### 4.- Apertura da documentación técnica

##### a) Procedemento aberto para a contratación da subministración e implantación dunha plataforma -on premise- para a xestión integral dos expedientes do Servizo de Benestar Social e o hardware necesario para o seu despregue (210.165-301) (lote 1)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do lote 1 do único licitador presentado e admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica aos dous servizos xestores (Benestar Social e Administración Electrónica).

##### b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización, xestión e execución do programa de dinamización infantil (9.171-336)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

##### c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Instalación dun ascensor entre a praza da Estación e a rúa Urzaiz" (774-441)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

#### 5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:18	Páxina 3 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA14E-CCDEED-353DA6-XUGLN4-J5E7AJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**a) Procedemento aberto para a contratación da edición e adquisición dun libro para escolares de educación primaria sobre a "Reconquista de Vigo" (18.409-101)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e a xefa do Servizo de Educación o 5 de abril de 2021 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*", así como o informe rectificativo de data 7 de abril. A Mesa acepta, por unanimidade, o informe do 7 de abril de 2021 e acorda excluír deste procedemento a VERSÁTIL SERVICIOS EDITORIAIS, S.L.U. polo motivo previsto na cláusula 14.2B do PCAP relativa ao contido das "proposicións avaliables mediante xuízo de valor" ("*A incorporación a este sobre de información relativa aos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas na cláusula 16*").

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na estrada da Balsa – Matamá" (645-441)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos o 5 de abril de 2021 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na Estrada da Venda" (652-441)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos o 5 de abril de 2021 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**6.- Apertura económica**

**a) Procedemento aberto para a contratación da edición e adquisición dun libro para escolares de educación primaria sobre a "Reconquista de Vigo" (18.409-101)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:18	Páxina 4 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA14E-CCDEED-353DA6-XUGLN4-J5E7AJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" da única licitadora admitida co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	Incremento do número mínimo de páxinas esixido do libro (30 páxinas)	Incremento do número mínimo de exemplares (16.452 exemplares)
1	MATILDE MARÍA CORRAL BLANCO	38.563,20 €	10	1548

Asisten á apertura D<sup>a</sup>. Matilde María Corral Blanco, con DNI **\*\*.\*29.54\*** e D<sup>a</sup>. Susana Carreira Carollo, con DNI **\*\*.\*23.02\***, en representación de VERSÁTIL SERVICIOS EDITORIAIS S.L.U.

Á vista do criterio recollido na cláusula 17 do PCAP para a consideración de ofertas anormalmente baixas, compróbase que a baixa ofertada por MATILDE MARÍA CORRAL BLANCO non está incurso en presunción de anormalidade.

En aplicación do previsto na cláusula 16.2 do PCAP ("As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais de acordo co establecido na cláusula 17 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula"), procede outorgar á única licitadora admitida a máxima puntuación pola súa proposición avaliable mediante fórmula (55 puntos):

Criterio fórmula	Puntuación
Redución do prezo	30 puntos
Incremento do número mínimo de páxinas esixido do libro (30 páxinas)	10 puntos
Incremento do número mínimo de exemplares (16.452)	15 puntos
Total	55 puntos

Tendo en conta a puntuación obtida pola licitadora na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor (43 puntos), a puntuación total é a seguinte:

Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
43 puntos	55 puntos	98 puntos

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na estrada da Balsa – Matamá" (645-441)**

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:18	Páxina 5 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA14E-CCDEED-353DA6-XUGLN4-J5E7AJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

	Licitador	Prezo
1	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	163,191.36 €
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SL.U.	162,097.26 €
3	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	166,980.00 €
4	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	156,725.77 €
5	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	165,650.33 €

Asisten á apertura D<sup>a</sup>. María Isabel Mellado Aguirre con DNI **\*\*.\*38.67\***, en representación de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. e D<sup>a</sup>. Begoña Rivas Baltar, con DNI número **\*\*.\*13.54\***, en representación da Federación Galega da Construción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na Estrada da Venda" (652-441)**

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "*Proposición avaliable mediante fórmula*" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.	197.370,13
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU	202.503,60
3	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	223.500,00
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	208.294,81
5	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	220.220,00
6	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	199.944,70
7	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	217.695,41
8	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	196.949,28
9	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO,SL	197.763,01

Asisten á apertura D<sup>a</sup>. María Isabel Mellado Aguirre con DNI **\*\*.\*38.67\***, en representación de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. e D<sup>a</sup>. Begoña Rivas Baltar, con DNI número **\*\*.\*13.54\***, en representación da Federación Galega da Construción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados e entrega e, no seu caso, aceptación de informe de mostras e de informe de valoración dos criterios avaliables mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:18	Páxina 6 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA14E-CCDEED-353DA6-XUGLN4-J5E7AJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo (6.527-241)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polas técnicas de Prevención de Riscos Laborais o 5 de abril de 2021 de valoración do Sobre D "Mostras" e o informe dando conta das baixas con valores anormais ou desproporcionados nos lotes 1 e 2 e de valoración do sobre C "Proposicións avaliábeis mediante fórmula" do lote 3, asinado o 5 de abril de 2021 pola técnica de Administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación, así como o informe rectificativo de data 7 de abril.

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe de valoración do Sobre D "Mostras" e o informe dando conta das baixas con valores anormais ou desproporcionados nos lotes 1 e 2 e de valoración do sobre C "Proposicións avaliábeis mediante fórmula" do lote 3 do 7 de abril de 2021 e acorda:

A) Excluir deste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan porque as mostras por eles presentadas non se axustan ao disposto no prego de prescricións técnicas e/ou por non presentar a documentación informativa (motivo de exclusión previsto no apartado 6C do Anexo I -FEC- do PCAP) de acordo co informe asinado polas técnicas de Prevención de Riscos Laborais de data 5 de abril de 2021:

1. ALC SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. (lote 3)
2. ASESORAMIENTO PROFESIONAL EN CELULOSAS Y QUÍMICOS, S.L. (lotes 1,2 e 3)
3. CLICK COIN, S.L. (lote 2)
4. COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L. (lote 2)
5. DARLIM, S.L.U. (lote 2)
6. GAMMA SOLUTIONS HEALTH, S.L. (lote 1)
7. IMASDEAS INNOVACIÓN CULTURAL Y DESARROLLO TURÍSTICO S.L.U. (lote 3)
8. IRAGO, S.A. (lote 1)
9. MAPE ASESORES, S.A. (lotes 2 e 3)
10. OFIPAPEL CENTER, S.L. (lotes 2 e 3)
11. PAPEL AUTOMATIC S.A. (lote 3)
12. PAZ DISMAC, S.L. (lote 2)
13. PRODUCTOS MÉDICOS HOSPITALARIOS, S.L. (lote 3)
14. QUÍMICA FÁCIL, S.L. (lote 3)
15. TIENDAS MARPI, S.L. (lote 3)
16. TORROVAL Y LÓPEZ SERVICIOS PROFESIONALES, S.L. (lote 2)

B) Iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

Lote 1:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:18	Páxina 7 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA14E-CCDEED-353DA6-XUGLN4-J5E7AJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

1. MAPE ASESORES, S.A. (56,45%)

Lote 2:

1. CELTA INGENIEROS S.L. (45,90%)
2. GAMMA SOLUTIONS HEALTH, S.L. (66,35%)
3. IRAGO, S.A. (27%)

## 10.- Propostas de clasificación

### a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo (6.527-241) (lote 3)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 8 de abril de 2021, dos licitadores que deseguido se relacionan porque as mostras por eles presentadas non se axustan ao disposto no prego de prescricións técnicas e/ou por non presentar a documentación informativa (motivo de exclusión previsto no apartado 6C do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares):

1. ALC SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. (lote 3)
2. ASESORAMIENTO PROFESIONAL EN CELULOSAS Y QUÍMICOS, S.L. (lotes 1,2 e 3)
3. CLICK COIN, S.L. (lote 2)
4. COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L. (lote 2)
5. DARLIM, S.L.U. (lote 2)
6. GAMMA SOLUTIONS HEALTH, S.L. (lote 1)
7. IMASDEAS INNOVACIÓN CULTURAL Y DESARROLLO TURÍSTICO S.L.U. (lote 3)
8. IRAGO, S.A. (lote 1)
9. MAPE ASESORES, S.A. (lotes 2 e 3)
10. OFIPAPEL CENTER, S.L. (lotes 2 e 3)
11. PAPEL AUTOMATIC S.A. (lote 3)
12. PAZ DISMAC, S.L. (lote 2)
13. PRODUCTOS MÉDICOS HOSPITALARIOS, S.L. (lote 3)
14. QUÍMICA FÁCIL, S.L. (lote 3)
15. TIENDAS MARPI, S.L. (lote 3)
16. TORROVAL Y LÓPEZ SERVICIOS PROFESIONALES, S.L. (lote 2)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no lote 3 do procedemento aberto para a contratación da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:18	Páxina 8 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA14E-CCDEED-353DA6-XUGLN4-J5E7AJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



subministración de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo (6.527-241) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	TESIS GALICIA, S.L.	100,00 puntos
2	DARLIM, S.L.U.	96,38 puntos*
2	IRAGO, S.A.	96,38 puntos*
3	COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L.	93,62 puntos
4	GAMMA SOLUTIONS HEALTH, S.L.	70,68 puntos
5	MAFLOW SPAIN AUTOMOTIVE, S.L.	70,65 puntos

\* DARLIM, S.L.U. e IRAGO, S.A. empatados en segundo lugar.

O desempate realizárase no suposto de que non proceda adjudicar o contrato ao primeiro clasificado e de conformidade cos criterios previstos na cláusula 16.5 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar no lote 3, TESIS GALICIA, S.L. (B-36.237.477), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

#### **b) Procedemento aberto para a contratación da edición e adquisición dun libro para escolares de educación primaria sobre a “Reconquista de Vigo” (18.409-101)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 8 de abril de 2021, de VERSÁTIL SERVICIOS EDITORIAIS, S.L.U. polo motivo previsto na cláusula 14.2B de PCAP relativa ao contido das “proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor” (“A incorporación a este sobre de información relativa aos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas na cláusula 16”).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a única proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación da edición e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:18	Páxina 9 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA14E-CCDEED-353DA6-XUGLN4-J5E7AJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

adquisición dun libro para escolares de educación primaria sobre a "Reconquista de Vigo" (18.409-101) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadora	Puntuación total
1	MATILDE MARÍA CORRAL BLANCO	98 puntos

Terceiro.- Requerir á licitadora clasificada en primeiro lugar, MATILDE MARÍA CORRAL BLANCO (\*\*.\*29.54\*), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares".

## 11.- Propostas de adjudicación

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización das rúas Julia Minguillón e Vista Alegre" (684-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización das rúas Julia Minguillón e Vista Alegre" (684-441)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 3 de decembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DAS RÚAS JULIA MINGUILLÓN E VISTA ALEGRE" redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:18	Páxina 10 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA14E-CCDEED-353DA6-XUGLN4-J5E7AJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



1.070.668,74 €.

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 26.11.2020.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN SETENTA MIL SEISCENTOS SESENTA E OITO EUROS con SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.070.668,74 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 185.818,54€.*

*Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532.619.00.88 "Human. Julián Minguillón e Vista Alegre", provinte da modificación orzamentaria nº 63/2020, crédito extraordinario (expediente 680/441), segundo a distribución de anualidades proposta:*

2020	1.070.668,74 €
------	----------------

*As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente (D.A.3º.2 da LCSP).*

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 11 de marzo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas*

- 1. UTE OBRAS, REFORMAS E SANEAMENTOS, S.L. - ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERÍA. S.L.: porque a xustificación presentada non cumpre cos requisitos para considerala xustificada consonte o informe emitido o 3 de marzo de 2021 polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento.*
- 2. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.: por non ter presentado xustificación dentro do prazo concedido.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización das rúas Julia Minguillón e Vista Alegre" (684-441) na seguinte orde descendente:*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:18	Páxina 11 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA14E-CCDEED-353DA6-XUGLN4-J5E7AJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
1	UTE ORECO, S.A.U. - ELECTRICIDAD EYP, S.L.	91,69
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,36
3	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	90,46
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	87,41
5	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	82,43
6	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	80,41

**Terceiro.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ORECO, S.A.U. - ELECTRICIDAD EYP, S.L. (A-36.614.691 e B-36.682.201, respectivamente), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ORECO, S.A.U. - ELECTRICIDAD EYP, S.L., o día 12 de marzo de 2021, que presenta a documentación requirida o 26 e 29 de marzo, dentro do prazo concedido. Con data do 5 de abril o licitador presentou o poder de representación esixido na cláusula 8.3 do PCAP. Aínda que esta última documentación foi presentada fóra de prazo é documentación susceptible de emenda (entre outras, resolucións 747/2018, 749/2018, e 752/2018 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales).

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 30 de marzo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:18	Páxina 12 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA14E-CCDEED-353DA6-XUGLN4-J5E7AJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



lugar UTE ORECO, S.A.U. - ELECTRICIDAD EYP, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada pola UTE ORECO, S.A.U. - ELECTRICIDAD EYP, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 15 de febreiro e 3 de marzo de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

- "Tomar razón das exclusións adoptadas pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 11 de marzo de 2021, dos seguintes licitadores por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas:*
  - UTE OBRAS, REFORMAS E SANEAMENTOS, S.L. - ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERÍA. S.L.: porque a xustificación presentada non cumpre cos requisitos para considerala xustificada consonte o informe emitido o 3 de marzo de 2021 polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento.*
  - XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.: por non ter presentado xustificación dentro do prazo concedido.*
- Adxudicar á UTE ORECO, S.A.U. - ELECTRICIDAD EYP, S.L. (U-05.271.010) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización das rúas Julia Minguillón e Vista Alegre" (684-441) por un prezo total de 922.059,92 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 160.026,93 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*



**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Melloras do firme en distintos viais no Concello de Vigo: lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste, e lote 3 Vigo Sur" (667-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de "Melloras do firme en distintos viais no Concello de Vigo: lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste, e lote 3 Vigo Sur" (667-441)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 3 de decembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "MELLORAS DO FIRME EN DISTINTOS VIAIS NO CONCELLO DE VIGO: LOTE 1 VIGO NORTE, LOTE 2 VIGO LESTE, e LOTE 3 VIGO SUR", redactados polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Antonio J. Durán Maciñeira cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN TRESCENTOS MIL EUROS (1.300.000,00 €).*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 26/11/2020.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN TRESCENTOS MIL EUROS (1.300.000,00 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 225.619,84 €, e sendo o reparto por lotes o seguinte:*

- *Lote 1 Vigo Norte: CATROCENTOS QUINCE MIL DOUSCENTOS TRES EUROS E CORENTA E SETE CÉNTIMOS (415.203,47 €), cun IVE de 72.060,11 €.*
- *Lote 2 Vigo Leste: CATROCENTOS CORENTA E TRES MIL NOVENTA E UN EUROS E SEIS CÉNTIMOS (443.091,06 €), cun IVE de 76.900,10 €.*
- *Lote 3 Vigo Sur: CATROCENTOS CORENTA E UN MIL SETECENTOS CINCO*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:18	Páxina 14 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA14E-CCDEED-353DA6-XUGLN4-J5E7AJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

EUROS E CORENTA E SETE CÉNTIMOS (441.705,47 €), cun IVE de 76.659,63 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.210.00.05 (PROGRAMA DE ASFALTADO, COFINACIAMENTO DEPUTACIÓN), segundo a distribución de anualidades proposta.

2020	1,300,000.00 €
TOTAL	1,300,000.00 €

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 25 de marzo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Melloras do firme en distintos viais no Concello de Vigo: lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste, e lote 3 Vigo Sur" (667-441) na seguinte orde descendente:*

- Lote nº 1: VIGO NORTE

Orde	Licitadores	Puntuación total
1º	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	96,03
2º	NAROM, S.L.	93,62
3º	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	92,22
4º	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA	90,34

- Lote nº 2: VIGO LESTE

Orde	Licitadores	Puntuación total
1º	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	96,39
2º	NAROM, S.L.	94,86
3º	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	91,05
4º	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA	90,36

- Lote nº 3: VIGO SUR

Orde	Licitadores	Puntuación total
1º	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	96,03
2º	NAROM, S.L.	93,87
3º	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	91,05
4º	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA	90,06



5º	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	80,44
----	-----------------------	-------

**Segundo.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos tres lotes, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (A-36.008.886), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., o día 26 de marzo de 2021, que presenta a documentación requirida o 30 de marzo, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 8 de abril de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:18	Páxina 16 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA14E-CCDEED-353DA6-XUGLN4-J5E7AJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



mediante fórmula, de datas 10 e 11 de marzo, e 22 de marzo de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (A-36.008.886) os 3 lotes deste procedemento aberto para a contratación das obras de "Melloras do firme en distintos viais no Concello de Vigo: lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste, e lote 3 Vigo Sur" (667-441) polos seguintes importes:*

Lote	Prezo total	Cota IVE
Lote 1 Vigo Norte	328,550.50 €	57,021.16 €
Lote 2 Vigo Leste	348,136.65 €	60,420.41 €
Lote 3 Vigo Sur	343,470.19 €	59,610.53 €

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (7.516-106)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (7.516-106)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:18	Páxina 17 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA14E-CCDEED-353DA6-XUGLN4-J5E7AJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 28 de xaneiro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo, segundo as condicións aprobadas no referido prego de prescricións técnicas particulares de data 01/12/2020, así como aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 07/12/2020.*

*SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 69.998 euros (cun IVE incluído 21% de 12.148,41 euros); dos cales 29.240,50 euros corresponden á anualidade 2021 con cargo á partida orzamentaria 4313 2279900 (CONTROL DOS MERCADOS DE COIA, BOUZAS E OUTROS), e 34.999 euros á anualidade 2022 e 5.758,50 euros á anualidade 2023.*

*TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao previsto na LCSP".*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 25 de marzo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (7.516-106) na seguinte orde descendente:*

Orde	Licitador	Puntuación total
1	EVENTOS ESPECTACULARESDEL NOROESTE, S.L.	70
2	MENKEEPER NORTE, S.L.	58

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EVENTOS ESPECTACULARESDEL NOROESTE, S.L. (B-27.858.398), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:18	Páxina 18 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA14E-CCDEED-353DA6-XUGLN4-J5E7AJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L., o día 26 de marzo de 2021, que presenta a documentación requirida o 29 de marzo e o 7 de abril, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 8 de abril de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 9 e 22 de marzo de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L. (B-27.858.398) o procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:18	Páxina 19 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA14E-CCDEED-353DA6-XUGLN4-J5E7AJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (7.516-106) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 69.998 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.148,41 euros, e cunha porcentaxe de desconto único de aplicación aos prezos unitarios fixados no apartado 3G) das Follas de Especificación do Contrato (FEC) do prego de cláusulas administrativas particulares do 10%.*
- b) *Comprométese a por a disposición do servizo 50 horas anuais laborais diúrnas sen custo para o Concello.*
- c) *Comprométese a por a disposición do servizo 50 horas anuais festivas diúrnas sen custo para o Concello.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do CEIP Pintor Laxeiro" (655-441)**

Pregúntase aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores clasificados neste procedemento. Ningún membro da Mesa ten conflito de intereses con eles.

A continuación comunícase que con data 10 de marzo de 2021 se requiriu ao licitador clasificado en segundo lugar neste procedemento, EICROS GESTIÓN, S.L. a documentación esixida no artigo 150.2 da LCSP. Dentro do prazo concedido o licitador no presentou documentación ningunha, polo que de acordo co previsto no artigo 150.2 da LCSP, enténdese retirada a oferta e procede solicitar a mesma documentación ao licitador clasificado en terceiro lugar.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e da clasificación aprobada por resolución do 11 de febreiro de 2021, por unanimidade dos asistentes, acorda que se proceda a requirir ao licitador clasificado en segundo lugar, CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L. (B-94.075.207), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:18	Páxina 20 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA14E-CCDEED-353DA6-XUGLN4-J5E7AJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		